Acta da Xunta de Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo correspondente á sesión ordinaria que se celebrou o xoves día 22 de xaneiro de 2009 ás 11 h 30 na Sala de Xuntas do Edificio de Fundición coa asistencia das persoas que se indican a continuación:

Camilo Vázquez García (CIG); Aquilino S. Alonso Núñez (CIG); Luís Anido Rifón (CIG); Xosé A. Vila Sobrino (CIG); Gloria M. Pena Uris (AGPTU); Manuel Megías Pacheco (AGPTU); María Vera Isasa (AGPTU); J. Nicanor Alonso Álvarez (AGPTU); Generosa Fernández Manín (AGPTU); J. Enrique Ares Gómez (UXT); Joám J. Santamaría Conde (UXT); Manuel Ramos Cabrer (UXT); Rafael Durán Barbosa (CCOO).

Desculpan a ausencia Francisco Xavier García Núñez (UXT), Manuela Raposo Rivas, Xabier Roca Pardiñas (CIG).

Os puntos da orde do día foron:

1. Aprobación, se procede, da acta da xuntanza anterior
Aprobouse por unanimidade a acta da sesión anterior (20 de novembro de 2008).

2. Informe
En primeiro lugar, o Presidente informou sobre o Consello de Goberno ó que asistiu e sobre o cumprimento das posturas que se adoptaran na última Xunta.
En segundo lugar, o Presidente informou que se reunira co Vicerreitor de Profesorado, quen o convocara previamente.
O Vicerreitor expúxolle que a Universidade de Vigo ía facer coas pagas extras o mesmo cá Universidade de Santiago. A Universidade de Vigo vai paga-los atrasos do ano pasado e, en canto ás pagas deste ano, vai segui-la normativa que aplica a Xunta para os outros empregados públicos.
En canto á vinculación das enquisas cos quinquenios, o Vicerreitor manifestoulle que quería negociar partindo da premisa de que os quinquenios tiñan que estar vinculados coas enquisas dos alumnos.
O Presidente manifestoulle ó Vicerreitor que a Xunta de PDI quería a desvinculación das enquisas dos quinquenios e que, en todo caso, se admitiría que a enquisa tivese un valor simbólico na concesión dos quinquenios. Tamén lle expuxo que a desvinculación dos quinquenios da enquisa debería aplicarse retroactivamente. O Presidente terminou afirmando que saíra animado da reunión co Vicerreitor.

3. Estudo e aprobación, se procede, de propostas relativas ás enquisas dos alumnos
Despois dun longo debate sobre este asunto, acordouse:
a) que a Xunta de PDI participase na negociación a través da Comisión Específica;
b) que o punto de partida da negociación fose a desvinculación das enquisas dos quinquenios;
c) que se introducira na valoración dos quinquenios o informe do profesor;
d) que se crease unha Comisión Específica, con representación sindical, para valora-las enquisas dos alumnos;
e) que se aplicase retroactivamente a desvinculación das enquisas ou a nova baremación dos quinquenios;
f) que se fixese unha revisión profunda das enquisas.

O Presidente daralle unha resposta telefónica ó Vicerreitor e solicitaralle que convoque á Comisión Delegada da Xunta de PDI para tratar dos quinquenios docentes.

4. Rogos e preguntas

O Presidente preguntoulle á Xunta se volvía manda-la nota que se enviou para as enquisas do primeiro cuadrimestre. A Xunta acordou que si. O Presidente tamén preguntou se había que pedirlle á Vicerreitoría que gardase os sobres das enquisas e se había que solicitarlle á Vicerreitoría se trataba dalgún xeito a información que os profesores poñen nos sobres das enquisas. A Xunta acordou que si. O profesor Ares mostrouse interesado en coñece-las queixas máis habituais do profesorado.
O profesor Ares solicitou que se tomara algún acordo como Xunta de PDI debido a que o Consello de Goberno estaba tomando acordos (por exemplo, criterios para promocionar a catedrático) sen negociar coa Xunta de PDI.
O profesor Ramos Cabrer pediu información sobre as axudas de custo solicitadas por sindicalistas non funcionarios. O Presidente respondeulle que se pagaran as axudas das que xa falara nunha Xunta anterior e que, en canto a outras axudas solicitadas posteriormente, que lle mandara un oficio á Xerencia notificándolle que os solicitantes non pertencían á Xunta de PDI-Funcionarios e que se acordara, nunha reunión en Santiago coa Consellería, que as Universidades asumían estes gastos.
E sen máis asuntos que tratar levantouse a sesión ás 12 horas 55 minutos.

Vigo, 22 de xaneiro de 2009

O Secretario

Asdo. Aquilino Alonso

O Presidente

Asdo. Camilo Vázquez